

LELY DISCOVERY COLLECTOR



Cando a automatización redefine a limpeza do establo

Limpar o establo xa non é só unha cuestión de orde: é benestar, saúde e eficiencia. Co Lely Discovery Collector, a xestión do esterco dá un xiro ao pasar de empurralo a recollelo mediante aspiración, auga e navegación autónoma. O resultado é un chan máis seco e seguro, menos traballo manual e unha zona máis hixiénica para as vacas. Dispoñible en versións C1 e C2, adáptase a distintas dimensións e necesidades da granxa no día a día.

A xestión do esterco foi, historicamente, unha das tarefas máis duras e menos visibles da produción gandeira. Porén, nun contexto no que o benestar animal, a eficiencia e a sostibilidade se converteron en piares fundamentais, a limpeza do establo deixa de ser unha tarefa secundaria para transformarse nun elemento clave do sistema produtivo. Neste escenario aparece o Lely Discovery Collector, unha solución que non só automatiza a limpeza, senón que reformula a por completo a forma de entendela.

A diferenza dos sistemas tradicionais de arrastre ou raspado, o Discovery Collector introduce un concepto innovador: recoller o esterco en lugar de empurralo. Este cambio, de aparencia simple, ten implicacións profundas. Ao aspirar o esterco directamente do chan, o robot evita a acumulación en zonas conflitivas,

reduce a sucidade do pavimento e contribúe a manter unha zona máis seca e segura para as vacas.

ASPIRACIÓN, AUGA E NAVEGACIÓN AUTÓNOMA

O funcionamento do Discovery Collector baséase nunha combinación de aspiración, auga e navegación autónoma. Mentres avanza polos corredores do establo, o robot espárese auga diante para facilitar a recollida e humedece lixeiramente o chan por detrás, mellorando o agarre. Todo isto realízase de forma completamente autónoma, grazas a sensores e rutas programadas que permiten ao robot desprazarse sen cables, guías nin modificacións estruturais importantes. O resultado é unha limpeza constante, integrada no ritmo natural da granxa e dos animais.



O Discovery Collector é 100 % eléctrico. Para instalalo na súa granxa, o único que necesita é unha toma monofásica de corrente e un punto de auga para o

depósito de carga da máquina. O seu consumo de enerxía é claramente inferior ao de calquera sistema de limpeza coñecido nas explotacións actuais.

O robot limpador conta cun frontal en ángulo recto que permite unha limpeza máis precisa de todas as esquinas. A parte traseira do Collector presenta unha forma redondeada para maximizar a superficie de limpeza ao xirar, o que dá como resultado unha combinación perfecta.

C1 E C2, DOUS MODELOS PARA DISTINTAS NECESIDADES

Actualmente, o Lely Discovery Collector está dispoñible en dous modelos: o Discovery Collector C1 e o Discovery Collector C2, pensados para adaptarse a explotacións con necesidades e dimensións diferentes.


O C1 representa a entrada a este novo concepto de limpeza automatizada. É robusto e eficaz, deseñado para granxas de tamaño medio que buscan mellorar a hixiene diaria do establo sen recorrer a solucións complexas. Aínda que utiliza estacións separadas para a carga e o baleirado, mantén a esencia do sistema: limpeza frecuente, autónoma e constante, reducindo de maneira notable a carga de traballo manual.

O Discovery Collector C2, pola súa banda, supón un paso adiante en termos de autonomía e eficiencia. Incorpora carga sen fíos e unha estación única que centraliza a carga, o baleirado do esterco e o enchido de auga. Estas melloras permítenlle ao robot traballar durante máis horas ao día (ata 14 horas ao día) e cubrir superficies maiores, o que o converte nunha opción especialmente atractiva para explotacións máis grandes ou con maior tránsito de animais. Ademais, a súa navegación é máis precisa en zonas estreitas, cruzamentos e áreas sensibles, coma os arredores dos robots de muxido.

BENESTAR ANIMAL E EFICIENCIA NO DÍA A DÍA

Máis aló das diferenzas entre modelos, ambos comparten unha mesma filosofía: limpar máis a miúdo para limpar mellor. Esta frecuencia elevada de limpeza ten un impacto directo no benestar animal. Chans máis limpos significan pezuños máis sans, ubres máis limpas e menor presión bacteriana na zona. A longo prazo, isto tradúcese en menos problemas sanitarios e nunha mellora xeral da calidade de vida dos animais.

Ademais, unha área máis limpa e segura fomenta un comportamento máis natural



nas vacas, o que pode resultar nunha mellor detección do celo, un factor crucial para a eficiencia reprodutiva nas explotacións.

Outro aspecto clave é a flexibilidade do sistema. O Discovery Collector pode adaptarse a distintos tipos de establo e, cos accesorios axeitados, mesmo traballar en instalacións con cama de area, tradicionalmente máis complexas para este tipo de robots. Grazas ao novo kit de limpeza do tanque, o depósito do Collector límpase con auga a presión e adáptase á perfección á area nas camas. Ademais, toda a operativa pode xestionarse desde o teléfono móbil, grazas á aplicación Lely

Control Plus, o que lle permite ao gandeiro axustar rutas e horarios segundo as necesidades reais da explotación.

O Lely Discovery Collector, na súa versión C1 coma C2, non é simplemente un robot de limpeza. É unha ferramenta que reflicte a evolución da gandería moderna, unha gandería que aposta pola automatización intelixente, polo benestar animal e por un uso máis eficiente do tempo e dos recursos. Nun sector no que cada detalle conta, manter o chan limpo deixa de ser unha tarefa invisible para converterse nunha estratexia produtiva de primeiro nivel. ■

Se quere máis información sobre o Lely Discovery Collector, non dubide en contactar co seu Lely Center máis próximo. Os profesionais de Lely faranlle un estudo sen compromiso e contaránlle os beneficios que esta máquina pode ter dentro da súa explotación.